

MESA SECTORIAL 29 DE MAIO DE 2023

1- Xornada complementaria en enfermeiras/os

O SERGAS, sen previa negociación, trae a Mesa Sectorial o seguinte cadro de pago de “xornada complementaria”:

Xornada complementaria en enfermeiras/os a partir do 01/07/2023							
Quenda mañá - tarde (7 horas)				Quenda de noite (10 horas)			
Laborable		Festivo (*)		Laborable		Noite de sábado e pre-festiva (*)	
01/07/23	01/01/24	01/07/23	01/01/24	01/07/23	01/01/24	01/07/23	01/01/24
150,22	155,89	227,15	252,63	260,90	270,70	291,53	308,31
(*) Festivo, noite e pre - festivo inclúe o valor módulo correspondente.							
Pagarase un CPV adicional de 1.365€ co compromiso de realización de 105 horas/ano especialmente nos períodos de vacacións de verán e nadal.							

En canto ao Complemento de Produtividade Variable (CPV) só se retribuirá, por unha soa vez, no mes de febreiro ás persoas que cumpran o obxectivo de realizar 105 horas anuais de xornada complementaria.

Neste ano 2023, as 105 horas empezaranse a contar a partir do 1 de xullo ata o 31 de xaneiro de 2024, e este CPV retribuirase no mes de febreiro de 2024.

O SERGAS di que os criterios de oferta e de reparto terán que negociarse coas xuntas de persoal nas distintas Xerencias.

CIG-Saúde denuncia que o SERGAS comprometeuse en xuño de 2022 a un grupo de traballo para abordar a situación de “déficit de profesionais de enfermeiras/os” e no canto diso trae un medida unicamente retributiva e que nin sequera garante o dereito ao emprego.

Retribución do 25 de xuño de 2023 (quendas de noite do día 24 e de mañá e tarde do 25 de xuño), pola coincidencia co exame da OPE de enfermeira/o:

- Persoal que teña algunha quenda asignada na carteleira: cobrará a retribución habitual.
- Persoal que cambie de quenda: cobrará como un día de especial significación (é dicir, quendas de mañá ou tarde dous módulos de festivo, e quenda de noite dous módulos de noite prefestiva).

Quenda de mañá e tarde (7 horas)	148,12 euros
Quenda de noite (10 horas)	147,80 euros

- Persoal que faga a quenda a maiores da súa xornada: cobrará a xornada complementaria actual mais dous módulos de festivo ou noite prefestiva segundo corresponda.

Quenda de mañá e tarde de domingo (7 horas)	218,54 + 74,06 = 292,60
Quenda de noite de sábado (10 horas)	280,30 + 73,90 = 354,20